



entroido turismo rural

paquetes **turísticos**



ENTROIDO DE TURISMO RURAL NA ESTRADA

O programa "Entroido de Turismo Rural dos Xenerais da Ulla" convídате a descubrir o Entroido dos Xenerais da Ulla e participar nesta festa declarada de Interese Turístico de Galicia. Este programa inclúe ademáis rutas e outras actividades para coñecer as paraxes naturais e produtos gastronómicos do contorno coa comodidade de contar cunha casa de turismo rural na que descansar.

Este paquete proposto é de 3 días e 2 noites, durante a fin de semana do entroido. Pode ser contratado de forma individual, en parella ou en grupos. Podes consultar toda a información adicional que precises sobre o programa "Entroido de Turismo Rural dos Xenerais da Ulla" na web da Asociación de Turismo Rural e Ocio da Comarca de Tabeirós Terra de Montes Mar de Compostela www.mardecompostela.com, ou no teléfono 699 339794.

PROGRAMA ORIENTATIVO

VENRES 28 de febreiro

- Chegada ao aloxamento de turismo rural
- Recepción, entrega de material informativo e obsequio
- 21:30 hs: Cea na casa de turismo rural

SÁBADO 1 de marzo

- Almorzo
- 11:00 hs: Visita teatralizada ao Pazo de Oca (mín 15 pax)
- 14:00 hs: Xantar típico do entroido
- 17:00 hs: Xornada de Risoterapia (mín 15 pax)
- 21:30 hs: Cea na casa de turismo rural
- 22:00 hs: Baile de disfraces

DOMINGO 2 de marzo

- Almorzo
- 12:00 hs: Entrada á exposición sobre o Entroido dos Xenerais da Ulla (Santiago de Compostela)
- 14:00 hs: Xantar libre
- 18:30 hs: Atranques de Xenerais e Correos (Couso)
- Fin da viaxe

PREZO: 140 € (IVE incluído)

Opcional 1 noite: 75 € (IVE incluído)

Este programa verase modificado según sexan os atranques en cada Concello
Prezo por persoa en hab. dobre e con seguro RC do aloxamento.
Traslados a cada actividade programada non incluídos.

NOTA
Os datos que aquí figuran foron facilitados polos propios restaurantes/aloxamentos.
O Grupo de 8 Concellos "Xenerais da Ulla" non se fai responsable dos mesmos.

VENRES 28 de febreiro

O "Entroido de Turismo Rural dos Xenerais da Ulla" iníciase o venres pola tarde, coa chegada do cliente á casa de turismo rural. O persoal de recepción informará ao visitante sobre os servizos dispoñibles no establecemento e sobre os horarios e localización do servizo de almuerzo. Daranse indicacións sobre o contido do paquete, e farase entrega do material informativo e obsequio, co fin de que poida aproveitar ao máximo a súa experiencia. Tras a instalación na habitación, terá lugar a cea (21:30 hs) na casa de turismo rural, para saborear os pratos típicos da gastronomía tradicional desta época do ano.

SÁBADO 1 de marzo

O sábado, despois do almuerzo, o participante trasladarase ao Pazo de Oca para participar nunha visita teatralizada a este monumento que forma parte do patrimonio histórico artístico e posúe un xardín considerado o "Versalles galego", incluído na "Ruta da Camelia". Esta actividade está pensada para que o visitante se introduza nunha época anterior vivindo unha experiencia única.

De seguido, a carón das 14:00 hs, haberá un xantar con gastronomía típica do entroido, cocido galego e postres tradicionais.

Tras o xantar (17:00 hs), realizarase unha xornada de risoterapia impartida por expertos na materia. Unha actividade novidosa e moi divertida, apta para todos os públicos.

O Entroido é unha festa para pasalo realmente ben; desinhibirse, rirse, bailar, agudizar o noso sentido do humor e enxeño e por suposto rirnos de nós mesmos. A risoterapia é un complemento ideal a esta festa do entroido, pois a diversión, o baile e as risas están plenamente garantidos.

A xornada do sábado remata de novo cunha cea-baile á que o visitante poderá traer o seu propio disfraz.

DOMINGO 2 de marzo

Na última xornada, despois do almuerzo na casa de turismo rural, o visitante se trasladarase a Santiago de Compostela, onde poderá visitar a exposición sobre o Entroido dos Xenerais da Ulla, no Museo do Pobo Galego, co obxectivo de coñecer mellor a historia e o significado desta tradicional festa declarada de Interese Turístico de Galicia.

Despois do xantar, que será libre, estará listo para presenciar a razón de ser deste paquete: o espectáculo do Entroido dos Xenerais da Ulla.

entroido turismo rural



O paquete "Entroido de Turismo Rural dos Xenerais da Ulla" inclúe un mapa-guía para orientar ao espectador onde poderá presenciar o Entroido dos Xenerais da Ulla, unha tradición sen parangón cuxa orixe remóntase á primeira metade do século XIX. Os personaxes máis importante do espectáculo son os engalanados Xenerais e Correos que van a cabalo, e que percorren as parroquias ao longo do día dando vivas a veciños e visitantes, acompañados dun "exército" de abandeirados, coros, comparsas e parrandas. Rematan escenificando un "Atranque" ou "Alto", enfrontamento dialéctico por parellas, aproveitando para facer burla e sátira de asuntos locais, de política ou do corazón, sucedidos durante o ano.

Datas:

Dende o 22 de febreiro ao 9 de marzo

Prezo:

Prezo por persoa en habitación dobre 140 € (IVE incluído).

Prezo opcional 1 noite 75 € (IVE incluído).

Información e reservas:

www.mardecompostela.com

mardecompostela@yahoo.es

teléfono. 699 339 794



entroido turismo rural



ENTROIDO DE TURISMO RURAL EN BOQUEIXÓN

CASA DECASAL

Turismo Rural - Grupo C

Cachosenande, 17 - Lestedo. Boqueixón (A Coruña)

www.casadecasal.com

info@casadecasal.com

Proposta de Paquete Especial do Entroido da Ulla:

Datas: do 25 febreiro ao 9 marzo

Habitación dobre en réxime de media pensión (almorzo e cea).

Paquete de Entroido baixo reserva mínima de dous días de antelación.

Tosta de rixóns con queixo de Arzúa

Empanada de cocido

Filloas con recheo de marisco

Oreallas doces

Viño albariño Terras de Godos ou mención Rectoral de Amandi

Café e licores

Prezo: 50 €/persoa

ENTROIDO DE TURISMO RURAL EN SILLEDA

CASA DECACHEIRO

Turismo Rural - Grupo B

Santa Cristina, 9 - Lamela. Silleda (Pontevedra)

Teléfono reservas: 986 58 50 95 / 986 58 50 27

Coordenadas GPS: X 8° 19' 23,67" W Y 42° 44' 00,26" N

www.casadecacheiro.com

Proposta de Paquete Especial do Entroido da Ulla:

Datas: do 21 de febreiro ata o 4 de marzo

Prezo: Prezo especial do Entroido polo alugamento da casa completa (con capacidade para 14 persoas e postre típico do Entroido como agasallo de benvida): 200 €/noite (IVE incluído).

CASA GRANDE DE FUENTEMAYOR

Turismo Rural - Grupo A

Lugar de Cobas, 2 - Cortegada. Silleda (Pontevedra)

Teléfono reservas: 986 59 20 01 / 650 53 12 93

Coordenadas GPS: 42.67261530, -8.22783172

www.casagrandefuentemayor.com

Proposta de Paquete Especial do Entroido da Ulla:

Prezo por habitación para 2 persoas:

Con almorzo:..... 50 €

Sen almorzo:.....40 €

Menú 1:

Empanada galega ou crema de verduras ecolóxicas

Solombo de porco celta ao queixo ou pimenta ou rape braseado en montadito de vexetais

Postre caseiro

Café e chupito

Bebidas non incluídas

Prezo: 15 €

Menú 2:

Require reserva previa mínimo 3 días antes da chegada.

Cocido galego que consiste en sopa de cocido e posteriormente un cocido completo a base de porco, tenreira, galiña, patacas, grelos, chourizo e postre caseiro e viño Ribeiro da casa.

Refrescos e cervexas non incluídas

Prezo: 25 €

CASAVICTORINO

Hotel 1*

Rúa Xeral, 35 - Bandeira. Silleda (Pontevedra)
Teléfono reservas: 986 58 53 30

Proposta de Paquete Especial do Entroido da Ulla:

Prezo por habitación para 2 persoas:

Con almorzo: 40€

Sen almorzo: 35€

Menú 1:

Menú do día (todo incluído)

Prezo: 10 €

Menú 2:

Cocido galego (todo incluído)

Prezo: 15 €

ENTROIDO DE TURISMO RURAL EN TOURO

APENA DE AUGASANTAS

Turismo Rural - Grupo B

Oca de Abaixo, 16 Beseño. Touro (A Coruña)
Teléfono reservas: 981 51 87 47 / 67999 30 95 (Manolo ou Maribel)
Coordenadas GPS: 42.88747358 -8.25243831
www.apenadeaugasantas.com

Proposta de Paquete Especial do Entroido da Ulla:

Inclúe unha noite de aloxamento para dúas persoas, con almorzo incluído e xantar ou cea.

Menú:

Cocido galego

Postres típicos do Entroido

Viño galego

Café, infusións

Licores caseiros

Prezo: 90 €

entroido turismo rural



ENTROIDO DE TURISMO RURAL EN VEDRA

PAZO DE GALEGOS

Hotel 2*

Galegos, 6 - San Pedro de Vilanova. Vedra (A Coruña)

Teléfono reservas: 981 51 22 17

Coordenadas GPS: 42°47.066' N 008°26.088' W

www.pazodegalegos.com

Proposta de Paquete Especial do Entroido da Ulla:

Prezo por habitación para 2 persoas:

Con almorzo: 60 € (IVE incluído)

CASA SUÁREZ

Turismo Rural - Grupo B

Ponte de Sarandón, 2, San Mamede de Ribadulla - Vedra

Teléfono reservas: 981 512548 - 609068441

Coordenadas GPS: 42°44.893' N 008°26.971' W

www.casasuarez.com

Proposta de Paquete Especial do Entroido da Ulla:

Prezo por habitación para 2 persoas:

Con almorzo: 50 € (IVE incluído)

PAZO CIBRÁN

Turismo Rural - Grupo A

Cibrán, 6 - San Xián de Sales. Vedra (A Coruña)

Teléfono reservas: 981 511515

Coordenadas GPS: 42°48.837' N 008°30.691' W

www.pazocibran.com

Proposta de Paquete Especial do Entroido da Ulla:

Prezo por habitación para 2 persoas: 60 € (IVE incluído)

Almorzo: 6 €/persoa

AS SEIS CHEMINEAS

Pensión 2*

Matelo, 3, San Xián de Sales - Vedra

Teléfono reservas: 981 511952 / 647 53 21 49

Coordenadas GPS: 42°48.919' N 008°30.013' W

www.seischemineas.es

Proposta de Paquete Especial do Entroido da Ulla:

Prezo por habitación para 2 persoas: 60 € (IVE incluído)

Almorzo: 6 €/persoa

A Ulla

Descubrir

A Ulla é unha comarca natural do interior de Galicia. O magnífico río Ulla, rico en troitas, salmóns e lampreas, articula esta bela comarca, dominada pola silueta do monte Pico Sacro, o cumio máis mítico de Galicia.

Ademais de Santiago de Compostela, Patrimonio da Humanidade e destino do Camiño de Santiago, que atravesa toda a zona, nela están os belísimos pazos de Oca e Ribadulla. Os seus xardíns, declarados "Monumento Histórico-Artístico", locen especialmente na época do Entroido, ategados de camelias (hai que lembrar que nesta zona están catro do total de doce xardíns que forman parte da famosa Ruta da Camelia).

Pero hai moito máis. A verde paisaxe de montes e vales sucada de ríos e sendeiros, as antigas igrexas e mosteiros, a arquitectura popular e a autenticidade da súa xente, fan dela un territorio de altísimo interese para os amantes da natureza, do turismo activo, da tranquilidade, do bo comer, das visitas culturais e das tradicións ancestrais.

Os Xenerais da Ulla

Os Xenerais da Ulla é o Entroido rural tradicional da Ulla, que se produce nas inmediacións da cidade de Santiago desde a primeira metade do século XIX: os Xenerais van a cabalo, disfrazados con vistosas vestimentas militares similares ás de aquela época, pero que ademais inclúen adornos puramente carnavalescos, que locen tamén os cabalos.

Os atavíos, tanto dos Xenerais como dos seus cabalos, chaman a atención pola súa tradición, orixinalidade, colorido e grao de elaboración, o que fai que teñan un valor único.

O Entroido da Ulla remonta as súas orixes a primeira metade do s. XIX e baséase nos enfrontamentos bélicos que se viviron na comarca nese século: a invasión do exército napoleónico, a revolución do 1846 ou as guerras carlistas. Así os seus principais protagonistas son vistosas figuras que recrean estes momentos históricos.

Os personaxes máis importantes son os xenerais e correos a cabalo, que percorren as parroquias ao longo do día dando vivas a veciños e visitantes, acompañados dun "exército" de abandeirados, coros, comparsas e parrandas. Rematan escenificando un atranque ou alto,

Dunha parroquia a outra o Entroido da Ulla presenta pequenas diferenzas, mantendo cada un deles trazos definitorios que os fan únicos.

Xenerais e Correos engalanados conforman a espectacularidade desta auténtica expresión do Entroido tradicional galego.

En vista do seu altísimo interese, en setembro de 2013 foi declarada Festa de Galicia de Interese Turístico.

O Entroido dos Xenerais da Ulla celébrase en 2014 entre o 22 de febreiro e o 9 de marzo, e consta actualmente de 26 celebracións distintas noutros tantos lugares e parroquias dos Concellos de: A Estrada, Boqueixón, Santiago de Compostela, Silleda, Teo, Touro, Vedra e Vila de Cruces.

+info: www.xeneraisdaulla.com

Descansar

Variedade e calidade caracterizan aos aloxamentos da Ulla: hoteis, incluíndo os hoteis-monumento, pensións, albergues turísticos, áreas de autocaravanas, mesmo un balneario e, como non, encantadoras casas de turismo rural, aos que hai que engadirlle toda a oferta aloxativa da cidade de Santiago de Compostela, a só uns pasos.

entroido turismo rural



calendario

Aínda que os Xenerais percorren as parroquias ao longo de todo o día, os altos ou atranques, momento cumio da celebración, son:

Do 18/01 ao 09/03/2014

Museo do Pobo Galego
(Santiago de Compostela)
Exposición:
"Xenerais da Ulla"

Reis (Teo)

Campo da festa
GPS: 42° 46' 17.9" / 8° 33'
10.1"
20.00 h.

Sergude (Boqueixón)

Campo da Festa
GPS: 42° 49' 38" / 8° 27' 48"
19.30 h.

Cacheiras (Teo)

Campo da Festa
GPS: 42° 49' 17.8" / 8° 32'
38.2"
20.00 h.

Sábado 22/02/2014

Lamela (Silleda)

Campo da festa
GPS: 42° 44' 15" / 8° 19' 21"
18.00 h.

Marrozos (Santiago de Compostela)

Campo da festa
GPS: 42° 50' 22" / 8° 29'
50"
19.00 h.

Illobre (Vedra)

APRAZADO
Campo da festa
GPS: 42° 47' 38.4" / 8° 30'
14.3"
19.00 h.

Reis (Teo)

Campo da festa
GPS: 42° 46' 17.9" / 8° 33'
10.1"
20.00 h.

Domingo 23/02/2014

Bama (Touro)

Campo da festa
GPS: 42° 52' 45" / 8° 21' 58"
16.00 h.

Merza (Vila de Cruces)

Campo da festa
GPS: 42° 46' 9" / 8° 15' 34"
17.00 h.

Trobe (Vedra)

Campo da festa - Local
Multiusos
GPS: 42° 45' 57.5" / 8° 30'
20.4"
19.00 h.

Angrois (Santiago de Compostela)

Campo da festa (Soutiño)
GPS: 42° 51' 35" / 8° 31' 41"
19.00 h.

Sábado 01/03/2014

A Bandeira (Silleda)

Praza da Feira
GPS: 42° 43' 49" / 8° 18' 10"
17.30 h.

Entroido Municipal de Vedra

Campo da Festa de Vedra
GPS: 42° 46' 33.26" / 8° 28'
30.80"
18.00 h.

Aríns (Santiago de Compostela)

Campo da Festa (R/ San Martiño)
GPS: 42° 51' 50" / 8° 30' 14"
18.30 h.

Cacheiras (Teo)

Campo da Festa
GPS: 42° 49' 17.8" / 8° 32'
38.2"
20.00 h.

Teo

Campo da Festa de Santa María de Teo
GPS: 42° 45' 52.5" / 8° 31'
14.3"
20.00 h.

Domingo 2/03/2014

Piloño (Vila de Cruces)

Campo da Festa
GPS: 42° 47' 55" / 8° 15' 31"
16.30 h.

Couso (A Estrada)

Campo da Festa
GPS: 42° 44' 56.71" / 8° 32'
52.49"
18.30 h.

O Eixo (Santiago de Compostela)

Carballeira do Souto - Santa Lucía
GPS: 42° 50' 52.74" / 8° 31'
25.36"
19.00 h.

Martes 4/03/2014

Fao (Touro)

Campo da Festa
GPS: 42° 50' 53" / 8° 17' 58"
16.00 h.

Entroido Municipal da Estrada

Campo da Feira
GPS: 42° 41' 25.43" / 8° 29'
11.83"
18.00 h.

Mércores 5/03/2014

Fonte Díaz (Touro)

Feira do Entroido
Campo da Festa
GPS: 42° 51' 5" / 8° 18' 5"
12.30 h.

Sábdo 8/03/2014

San Xián de Sales (Vedra)

Campo da Festa
GPS: 42° 48' 55.1" / 8° 30'
41.4"
19.00 h.

Bamonde (Teo)

Campo da Festa
GPS: 42° 78' 40.55" / 8° 51'
12.29"
20.00 h.

Domingo 9/03/2014

Lestedo (Boqueixón)

Festa da Filloa
Campo da Festa
GPS: 42° 47' 55" / 8° 28' 11"
17.00 h.

Salgueiros (Vila de Cruces)

Campo da Festa
GPS: 42° 49' 2" / 8° 15' 42"
16.00 h.

entroido

turismo rural



Campaña promovida por:



CONCELLO
DA ESTRADA



CONCELLO
DE BOGUEIXÓN



CONCELLO DE
SANTIAGO



Concello
de
Silleda



CONCELLO
DE TEO



CONCELLO
DE TOURO



Concello
de Vedra



CONCELLO
DE VILA DE CRUCES

Coa colaboración de:



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Turismo



Deputación
DA CORUÑA



Deputación
Pontevedra

Coa colaboración especial de:



XUNTA DE GALICIA
SECRETARÍA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA